

Acta Reunión Extraordinaria Comisión de Calidade do Centro (CCC)

Data: 10 de xullo de 2014

Hora: 10:00

Sala de Xuntas X3.1

Asistentes:

Antonio Mosquera González

Francisco Omil Prieto

Purificación Cariñena Amigo

David Losada Carril

M. Carmen Palacios Oubiña

Puntos a tratar:

1. Plan Estratéxico 2014-2020.

1. Plan Estratéxico 2014-2020.

O Sr. Director explica que nesta segunda reunión da comisión de Calidade, segundo o SGIC, despois da proposta provisoria e a fase de exposición pública e consulta aos grupos de interese, debe decidirse a aprobación do plan estratéxico.

Recibíronse algunhas suxestións, fundamentalmente de estudantes (en verde na proposta que se trae á comisión). En Enxeñaría Química, os estudantes indican que a información relativa a prácticas en empresa que lles chega está orientada a alumnos de terceiro, e durante o curso. Pareceríalles máis oportuno que lles chegara a información antes da matrícula en terceiro. A xestora indica que a reunión informativa sobre as prácticas non é só para os de terceiro, está aberta a todos. O Sr. Director expón que pola data na que se celebra parece máis orientada a este curso. O Prof. Omil propón facer un acto específico para segundo cara o fina I do curso. No apartado de Oferta docente incluíranse as accións de mellorar o programa de prácticas e informar aos alumnos de segundo curso.

En Enxeñaría Informática, os alumnos quéixanse da cobertura wifi nas aulas de teoría. Pedirase que se revise, e se comprobén os niveis, e se é necesario porase un repetidor máis. Os alumnos tamén solicitan máis tomas de corrente eléctrica nestas aulas. Estes aspectos incluíranse como accións de melloras e obxectivos no apartado de Infraestruturas.

No relativo á Cafetería, téñense recibido moitas queixas. Inclúese no apartado de Servizos a mellora do servizo de cafetería.

Dado que non hai máis comentarios, o Sr. Director informa que o procedemento a seguir é a aprobación por parte da Comisión de Calidade do Plan Estratéxico, o envío a área de Calidade

da USC para a súa aprobación, e cando sexa informado favorablemente, a aprobación na Xunta de Escola.

Acórdase por unanimidade a aprobación do Plan Estratéxico 2014-2020.

Sen máis asuntos que tratar, péchase a sesión ás 10:20 h.